

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NAS NORMATIVAS E REGULAMENTOS DA FGVb Temporada 2026-2027

NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

Modificacións propostas:

- **Punto 2:** Actualización para a temporada 2026-2027 das datas de competición e idades que comprende cada categoría de idade.
- **Punto 8.2:** modificado o texto eliminando a referencia carné do XOGADE, e facendo unicamente referencia o establecido no Regulamento de encontros e competicións da FGVb.
- **Punto 8.2:** modificado o artigo para poder utilizar a licenza/autorización da plataforma.
- **Punto 8.9:** engadida a categoría benxamín.
- **Punto 9.2:** modificado o artigo facendo referencia as condicións que a RFEVb emite cada tempada.
- **Punto 9.3:** eliminado o punto e re-enuméranse os puntos posteriores. Engadida a categoría infantil (o que sería o anterior punto 9.4)
- **Punto 13:** Engadido texto de obrigatoriedade de balón con logotipo para a tempada 27-28. Modificado os modelos de balón oficial e autorizados.
- **Punto 14.4:** Creado punto onde se engade medidas antiviolencia.
- **Punto 14.5:** Creado punto que recolle a prohibición de uso de bombos e bubucelas nos encontros oficiais de voleibol, polo risco de saúde que supón para as persoas e en especial para menores.
- **Punto 17.1:** Engadida a tarifa para os encontros amigables.
- **Punto 17.4:** Modificadas as datas de pago dos prazos de custes arbitrais.
- **Punto 18.1:** Modificados os custes para as licenzas.
- **Punto 19.1:** Modificados prazos e importes de inscrición nas competicións. Engadidos os apartados (4) e (5). Modificados os importes das inscricións e eliminado a táboa de avais, que se inclúe nun punto posterior.
- **Punto 19.3:** Engadido custe mutualidades.
- **Punto 19.4:** Engadida táboa para os avais.
- **Punto 26.3:** Modifícase o texto para permitir ter 2 ou mais equipos en divisións de categoría Alevín e Benxamín en competicións incompletas.
- **Punto 27.1:** Modifícase o texto, eliminando a procesos en papel para adaptalo os procedementos actuais. Tamén se elimina as referencias ao Covid e as limitacións que se estableceron durante a pandemia. Modificada a táboa cos prazos e importes dos aprazamentos
- **Punto 29.4:** engadido matiz para evitar interpretacións que van en contra do espírito da norma.

- **Punto 29.10:** Engadido criterio para o reparto de prazas de equipos nos Campionatos de España cando o número de inscritos nunha categoría non permite normativamente a configuración dunha competición polo Campionato Galego.
- **Anexo I:** Actualización do cadro de datas das competicións.
- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2025-2026 para actualizalas á temporada 2026-2027.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

Modificacións propostas:

- **Copa Federación:** modificado o contido eliminando que equipos que non participasen a pasada tempada poidan xogar esta competición.
- **Torneo Apertura:** modificado o contido con un novo formato.
- **Primeiras Divisións:** modificado o formato da competición.
- **Segundas Divisións:** engadida referencia a competición sénior. Engadida organización cando non se acada o mínimo de inscritos para conformar unha competición oficial.
- **Cuartas Divisións:** modificado os participantes.
- Creación do **Campionato Galego Prebenxamín**.
- Actualizadas as datas de competición para a tempada 2026/2027 do Anexo I.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI NEVE

Modificacións propostas:

- **Artigo 7.2:** Actualización da temporada que se utilizará como referencia para asignar un seeding aos clubs participantes.
- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2025-2026 para actualizalas á temporada 2026-2027.

NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI PRAIA

Modificacións propostas:

- **Artigo 2:** Actualización para a temporada 2026-2027 das datas de competición e idades que comprende cada categoría de idade.
- **Artigo 12:** Modificados os custes para as licenzas.

- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2025-2026 para actualizalas á temporada 2026-2027.

NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI PRAIA

Modificacións propostas:

- Con carácter xeral modificáronse todas aquelas referencias á temporada 2025-2026 para actualizalas á temporada 2026-2027.

REGULAMENTO DE ENCONTROS E COMPETICIÓNS

Modificacións propostas:

- **Art. 25.4:** Modificado texto para separar as competicións que unicamente se xogan co formato de liga regular, as que teñen distintas fases.
- **Art. 27.3:** Ampliación da xornada o venres pola tarde, modificación dos horarios de categorías cadete, e engádese a categoría Alevín.
- **Art. 29.1:** Modificado o contido para pasar de recomendación a obrigación a non coincidencia de equipos de categorías inmediatamente superiores ou inferiores.
- **Art. 31.5:** Engadido punto que recolle como se resolve a falta de acordo entre Clubs para a axendar data dun partido aprazado ou suspendido por causas especiais.
- **Art. 38:** Engádese o mandato da asemblea de agosto do 2015, polo cal cando os encontros comezan con retraso por estar o campo ocupado por outro encontro de voleibol, esta demora non terá sanción para o Club local.
- **Art. 50.1:** Elimínase a referencia a licenza e bórrase todo o contido, re-enumerando os puntos posteriores.
- **Art. 50.2:** Modifícase o texto, recollendo que se utilizará unicamente o documento que xera a plataforma. Elimínase a presentación de outra documentación para poder estar na acta dun encontro.

REGULAMENTO DISCIPLINARIO

Modificacións propostas:

- **Art. 62.3:** Modificación do importe da sanción para os equipos non presentados a un encontro dunha competición.
- **Art. 66:** Modificación do importe da sanción par a retirada de equipos dunha competición.